

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO

DÍA 22 DE XANEIRO DE 2009

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás catorce horas do día vinte e dous de xaneiro de dous mil nove, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria e urxente, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Pronunciamento do pleno respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar

O señor alcalde propón aos presentes que, de conformidade co establecido no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril e artigo 95.2 do Regulamento orgánico municipal, en relación coa convocatoria de sesións extraordinarias e urxentes, se pronuncien respecto da urxencia

da convocatoria e do seguinte asunto a tratar.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou aprobar a citada proposta e ratificar a urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar.

2º Proposta de substitución de obras incluídas no Fondo Estatal de Investimento Local, segundo acordo adoptado polo pleno da corporación o día 19 de xaneiro actual

Pola secretaria da corporación dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 22 de xaneiro de 2009, que lle foi entregada a todos os grupos municipais no día de hoxe, e que se transcribe literalmente a seguir:

“Segundo o acordo adoptado polo Pleno da Corporación na súa sesión extraordinaria de data 19 de xaneiro de 2009, incluíanse, entre outras, as obras de:

- Reforma do espazo público do contorno do cruceiro de Anceis.
- Cubrición da pista polideportiva en Bribes.

En relación coa primeira obra, e dada a escasa marxe de tempo para adxudicar a licitación do contrato segundo a Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, polo que se crean un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender ao seu financiamento, publicada no BOE número 297 de 10 de decembro de 2008, dado que o tema dos terreos non se ten resolto a día de hoxe, considérase conveniente, co fin de non perder os fondos, a substitución da dita obra pola denominada Rede de saneamento en Souto de Cela (Concello de Cambre).

En relación coa intervención da cubrición da pista polideportiva en Bribes e despois de diversas conversacións mantidas con técnicos de Patrimonio da Xunta de Galicia sobre a viabilidade da autorización, parece ser que non procede neste tipo de solo, polo que se

considera necesaria a substitución da dita obra pola denominada Humanización da praza da reitoral de Bribes e construción dos accesos.

Ao mesmo tempo, e dado que o Pleno da Corporación, na sesión de 19 de xaneiro actual, acordou incluír as obras Reforma do centro-sociocultural de Anceis, e Reforma do centro polivalente de Arrigada, achéganse á presente proposta as memorias explicativas contendo os datos esixidos no punto terceiro da Resolución de 9 de decembro de 2008.

Así pois, propono ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Substituír a realización do investimento aprobado na sesión da corporación de data 19 de xaneiro actual, correspondente á obra

PARROQUIA DE ANCEIS

Descrición	Importe sen IVE	Importe Total	Persoas a ocupar
Reforma do espazo público do contorno do cruceiro de Anceis	75.372,91	87.432,91	9

Pola seguinte obra:

PARROQUIA DE CELA

Descrición	Importe sen IVE	Importe Total	Persoas a ocupar
Rede de saneamento no Souto de Cella	74.893,17	86.876,08	4

Segundo: Substituír a realización do investimento aprobado na sesión da corporación de data 19 de xaneiro actual, correspondente á obra

PARROQUIA DE BRIBES

Descrición	Importe sen IVE	Importe Total	Persoas a ocupar
Cubrición pista polideportiva en Bribes	234.270,47	271.753,75	4

Pola seguinte obra:

PARROQUIA DE BRIBES

Descrición	Importe sen IVE	Importe Total	Persoas a ocupar
Humanización da praza da reitoral de Bribes e construción dos accesos	234.270,47	271.753,75	12

Terceiro: Tomar coñecemento das memorias explicativas que conteñen os datos esixidos no punto terceiro da Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, que se achegan como Anexo ao presente acordo.

Cuarto: Presentar a solicitude de inclusión das ditas obras dentro do Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, segundo se establece nos puntos segundo e terceiro da resolución de referencia.

Quinto: Tomar coñecemento das memorias explicativas correspondentes aos investimentos aprobados en sesión plenaria de 19 de xaneiro actual, correspondentes ás obras Reforma do centro socio-cultural de Anceis, cun número de operarios a empregar de 6 e Reforma do centro polivalente de Arrigada, cun número de operarios a empregar de 7, os cales se achegan como Anexo ao presente acordo.”

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta, en primeiro lugar, que teñen dúbidas sobre se este pleno é legal, porque non se convocou con 24 horas de antelación, e ademais algúns dos seus compañeiros non recibiu a notificación en forma.

A secretaria da corporación informa que as notificacións se entregaron a policía para que fíxese a xestión, e que, en todo caso, dado que están todos presentes, enténdese que están notificados, e o pleno pode ter lugar. Ademais, como se trata dun pleno extraordinario e urxente non é necesario que se convoque con dous días de antelación, incluso pode ser convocado o mesmo día.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que, en todo caso, iso é o de menos neste momento, e que o importante é que se ratifican no que xa falárono no pleno do día 19, un

pleno hai dous días e hoxe outro. Falaron da precipitación de última hora, que é ao que xa están acostumbrados a vivir en Cambre.

Di que quere facer varias preguntas, unha delas é se tiveron en conta que o parque infantil en Pravio está nunha zona afectada pola Vía Ártabra, para non facer a obra e que pase como co campo de fútbol dos Once Caballeros, que aos dous, tres ou catro meses houbo que levantala. Quixera saber se iso está comprobado.

O Sr. alcalde di que existe un informe do xefe da área de Urbanismo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que tamén quixera preguntar por unha obra tan demandada como é a senda que vai dende Catro Camiños ata Cecebre, ata o monumento Wenceslao. Agora vaise a facer a canalización, e pregunta se non sería conveniente telo feito con menos precipitación de última hora. Tendo en conta que se vai facer a canalización da auga potable, ver se non era tamén o momento para facer a senda, unha senda moi modesta, pero facela.

Tamén quere dicir que están comprobando que só para pedir a subvención xa se están atopando con grandes fallos de xestión, e non quere pensar que vai pasar en Cambre os próximos meses, porque cos antecedentes que teñen das obras no Graxal, poden imaxinarse o que lles espera con todo Cambre en obras durante meses.

Una vez dito isto el pensa que o equipo de goberno debería pedir desculpas ou, polo menos, amosar certa vergonza pola súa penosa forma de traballar, facer dous plenos extraordinarios. Di que na entrada do concello está un cartel publicitario que comeza dicindo “Reforma do contorno do pazo de Anceis”, que non se pode facer, despois continúa coa “Cuberta da polideportiva de Bribes”, que tampouco se pode facer.

Conclúe dicindo que a xestión é penosa, pero que non lles sorprende.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que os cambios que se propoñen veñen xa derivados do que se falou o outro día. Di que non vai a repetir a intervención que fixo, pero que tamén teñen algunha dúbida.

Di que acaban de recibir os dous informes técnicos sobre unha das obras que xa se aprobou o outro día, e que eles non van a modificar o voto, porque ademais é unha das intervencións que eles propuxeron no seu listado, a cubrición da polideportiva de Pravio. Sinala que aínda que aparentemente hai unha contradición, porque un informe a considera posible e outro

non, aínda que en ningún dos dous casos é totalmente así, non son branco e negro, o que si hai neles son unhas conclusións coincidentes en canto a unha serie de condicións que hai que cumprir. Francamente lles preocupa moito que se a xestión posterior non é a que ten que ser, que ao final eses 280.000 euros se vaian a perder e que Pravio se quede sen a polideportiva cuberta.

Sinala que, nese sentido, eles non van a modificar o voto xa emitido, pero si queren facer unha chamada especial á máxima responsabilidade con este proxecto. Di que aí hai unha serie de indicacións de tipo técnico, e de condicionantes que terían que darse para que iso se poida facer, como son os informes sectoriais, tanto de Patrimonio, por estar pegado a un pazo catalogado, como de Autoestradas, pois está na súa zona de afectación. Hai unha serie de condicionantes que marca a Lei de protección de medio rural para as construcións nese tipo de ámbitos, en canto aos deseños, calidades, etc., e mesmo sobre a ampliación da zona construíble. El non sabe se van a ser capaces de superar todo iso xunto no breve prazo que teñen, agarda que si, e por iso van a manter o seu apoio, pero fan unha chamada ao goberno municipal para que extreme a dilixencia nun caso como este, porque pode que ao final haxa cantidades pequenas que se vaian perdendo, por algunha razón, pero unha obra desa envergadura non é como para perdela por non cumprir as cousas.

Conclúe dicindo que tamén querían que alguén lles explicase, aínda que sexa a grandes rasgos, en que consiste o proxecto de humanización da praza de Bribes, que substitúe á construción da polideportiva en Bribes, porque non o viron por ningún sitio.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo xa explicou no pleno anterior a súa postura sobre os proxectos que se inclúen, e xa manifestaron que son bastantes escépticos porque non se recollen con profundidade as súas pretensións, e que por iso se abstiveron. Si que quere manifestar a súa tímida satisfacción, tímida pero satisfacción en todo caso, porque se teña incluído a rede de saneamento no Souto de Cela, porque era unha proposta que fixera o seu grupo, sobre todo considerando que a parroquia de Cela era a única que quedaba sen ningún tipo de investimentos cando tiña unha serie de necesidades preocupantes, unha delas a rede de saneamento na zona do Souto.

Continúa dicindo que, por outra banda, el ten fundadas esperanzas en que o tema do cubrimento da polideportiva de Pravio se vaia a realizar. Só puido ver o informe un pouco por encima, pero os argumentos para el son válidos, porque cando se fan unhas instalacións deportivas fanse para que as persoas gocen delas, e dada a climatoloxía de Galicia, onde chove a maioría dos meses do ano, faise necesario cubrir as polideportivas co obxectivo de

que se poidan utilizar o máximo posible. Nese sentido pensa que non habería nada que obxectar e o informe parécelle adaptado a esa circunstancia.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que lamenta a improvisación do equipo de goberno para a redacción deste documento. Que se teñan que facer dous plenos en dous días parécelle unha enorme falta de organización e claridade nas cousas. Pensa que as cousas deberían terse aclarado e despois facer un unico pleno.

Di que tamén lle gustaría saber en que consiste a humanización da parroquia de Bribes, e conclúe sinalando que como xa se abstivo no anterior pleno, tamén se vai a abster neste.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, voceiro suplente do PSdeG-PSOE, manifesta que o Sr. Cubeiro dixo que non lle sorprendía a súa má xestión, e di que a eles tampouco lles sorprende que o concelleiro popular os critique sempre.

Continúa dicindo que o feito de que hoxe haxa un pleno é porque o Sr. alcalde quixo dar a máxima transparencia, consenso e participación no proceso. A secretaria xa dixo que era posible delegar na xunta de goberno local a aprobación, pero o propio alcalde foi quen insistiu en que fose a pleno e non a xunta de goberno, porque o que buscaban era que todo o mundo fose consciente do que se vai facer.

Respecto da crítica pola falta de organización quere sinalar que hai concellos da zona que presentaron obras de 2 ou 3 millóns de euros, e que se eles tiveran seguido esa estratexia, poderían ter traído ao pleno só dous proxectos, eso si moi caros, pero sen ningún tipo de problema, porque para os técnicos o mesmo traballo dá un proxecto de 4 millóns de euros, que analizar un proxecto de 50.000 euros. Pero o seu obxectivo principal era facer gasto en todas as parroquias, e os demais grupos estiveron de acordo con eles en que son poucos os concellos que conseguiron facelo. O Concello de Cambre pode presumir de que hai proxectos en todas as parroquias, son 32 proxectos, 32 informes, iso é un traballo de tolos, pero se tiveran ido ao rápido e sinxelo o terían liquidado en dúas obras, e terían quedado como señores. Pero non buscaban a imaxe de cara á galería, o que buscaban era que este proxecto fose un orballo de investimentos en todas as parroquias. O custo de acadar iso é que non se puido pechar coa rapidez que quixeron todos os proxectos, ese é o custo que tiveron. Son conscientes diso e asúmeno.

Continúa dicindo que respecto da polideportiva de Pravio é un proxecto que apoia todo o seu grupo, pero el persoalmente foi un dos máis tenaces á hora de apostar por ese investimento. Pensa que ten toda a razón o Sr. Xabier Iglesias, e que fai falta asumir a

responsabilidade política, e por iso, quere que quede constancia en acta de que se isto se perde, el dimitirá como concelleiro, ese será o custo que faga o seu grupo en defensa desa obra. Se nalgún momento ese proxecto non sae adiante e hai unha perda por ese importe para as arcas municipais, ao día seguinte de que iso sexa oficial, dimitirá como concelleiro. Agarda que iso non ocorra, pero quere que quede constancia do seu compromiso con esta obra.

Continúa dicindo que, en canto ao proxecto de Bribes, o que se propoñen é traballar sobre toda esa área. O que pretenden, en primeiro lugar, é xerar unha praza seguindo o que é a estrutura das zonas históricas, xa que están ante dous edificios importantes, e por iso agarda que a casa reitoral algún día florezca como no seu día floreceu. Están ante dous edificios importantes, e queren que esta obra estea en liña con ese deseño e con esa estrutura. Queren que todo o campo da festa sexa unha praza onde se cambiarán os farois existentes agora por uns farois acordes co novo deseño, substituíndo o pavimento por distintos tipos de pavimento, nalgúns casos loseta que permita pasear e incluso bailar, e por outro lado un pavimento rústico, con outro trazado. Di que se creará unha área de paseo, de camiño, dende o cruceiro onde está a escola unitaria, seguindo un deseño que acaba na casa reitoral, e despois utilizarase outro tipo de pavimento dende a casa reitoral ata o fronte da polideportiva. Todo iso con obxecto de embelecer e dignificar un lugar no que se atopa unha das orixes deste concello. O Concello de Cambre ten dous piares vinculados a San Martín Pinario, que son a casa reitoral de Bribes, e a casa reitoral de Cambre, eses dous elementos pertencían á rede de conventos de San Martín Pinario e neles está parte do corazón do Concello de Cambre. A obra que agora pretenden vai a rehabilitar e dignificar esa área. Obviamente se tivesen máis tempo poderíase ter proxectado de modo diferente, pero o proxecto que vai pensan que é unha boa obra.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que, con respecto a que outros concellos fixeron unha cousa ou outra, hai un refrán que di “Mal de moitos, consolo de bobos”. Cambre é como é, e Cambre ten unhas necesidades, por exemplo as obras de abastecemento, porque se están a perder 400.000 m³ de auga ao ano, e polo tanto a necesidade de Cambre é esa, a necesidade de Cambre é arranxar iso.

Dille ao Sr. Salcines que poden presumir do que traballaron, pero que lle lembra que outros compañeiros seus din que con dúas ou tres horas á semana chega para ser alcalde en Cambre, non sabe cal dos dous concelleiros do equipo de goberno é o que lles indica o camiño que seguen.

E conclúe dicindo que con respecto a que a casa reitoral de Bribes floreza algún día, dille que todos os anos florece, en primavera, froito do seu abandono e da moita maleza que crece nas súas paredes.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo agradécelle a explicación ao Sr. Salcines, e dille que colleu perfectamente a idea que el quería expoñer, el tamén quere que conste en acta, se o seu grupo llo permite, que en caso de que se produza esa situación e o Sr. Salcines teña que dimitir, cousa que el non quere porque suporía quedarse sen a polideportiva de Pravio, el vai a propoñer que lle poñan unha rúa, porque vai ser un novo estilo de facer política en Cambre, absolutamente inédito e que el aplaudiría, e seguro que moitos veciños tamén.

Dille ademais ao Sr. Salcines que supón que sabe que para facer obras na praza de Bribes tamén haberá que pedir un informe a Patrimonio, e que non quere que vincule tamén a súa dimisión ao de Bribes, porque el quere que iso tamén saia adiante, pero que teña en conta que hai trámites que facer para que as cousas poidan chegar a bo porto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os seis concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Susbtituir a realización do investimento aprobado na sesión da corporación de data 19 de xaneiro actual, correspondente á obra

PARROQUIA DE ANCEIS

Descrición	Importe sen IVE	Importe Total	Persoas a ocupar
Reforma do espazo público do contorno do cruceiro de Anceis	75.372,91	87.432,91	9

Pola seguinte obra:

PARROQUIA DE CELA

Descrición	Importe sen IVE	Importe Total	Persoas a ocupar
Rede de saneamento no Souto de Cela	74.893,17	86.876,08	4

Segundo: Substituir a realización do investimento aprobado na sesión da corporación de data 19 de xaneiro actual, correspondente á obra

PARROQUIA DE BRIBES

Descrición	Importe sen IVE	Importe Total	Persoas a ocupar
Cubrición pista polideportiva en Bribes	234.270,47	271.753,75	4

Pola seguinte obra:

PARROQUIA DE BRIBES

Descrición	Importe sen IVE	Importe Total	Persoas a ocupar
Humanización da praza da reitoral de Bribes e construción dos accesos	234.270,47	271.753,75	12

Terceiro: Tomar coñecemento das memorias explicativas que conteñen os datos esixidos no punto terceiro da Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, que se achegan como Anexo ao presente acordo.

Cuarto: Presentar a solicitude de inclusión das ditas obras dentro do Fondo Estatal de Inversión Local creado polo Real decreto lei 9/2008, de 28 de novembro, segundo se establece nos puntos segundo e terceiro da resolución de referencia.

Quinto: Tomar coñecemento das memorias explicativas correspondentes aos investimentos aprobados en sesión plenaria de 19 de xaneiro actual, correspondentes ás obras “Reforma do centro socio-cultural de Anceis”, cun número de operarios a empregar de 6 e “Reforma do centro polivalente de Arrigada”, cun número de operarios a empregar de 7, os cales se achegan como Anexo ao presente acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia